



D.JOSE LUIS RODRIGUEZ VARELA , na súa calidade de VICE-PORTAVOZ do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO
A POÑER EN MARCHA, A TRAVÉS DOS PROCEDIMENTOS
LEGAIS CONVINTES, A CESIÓN DE USO DOS LOCAIS DE
TITULARIDADE MUNICIPAL QUE ACTUALMENTE CARECEN DE
USO E ACTIVIDADE**

ANTECEDENTES

O Concello de Monforte ten varios locais de titularidade municipal que na actualidade están sen uso, espazos de diversa tipoloxía construtiva que poderían acoller diferentes tipos de actividades, como actividades comerciais e económicas, en beneficio da cidade e dos veciños e veciñas.

Os quioscos sitos na Compañía son un exemplo do abandono deste equipo de goberno, cunha preocupante falta de xestión para impulsar a actividade comercial da cidade. Estes quioscos se atopan pechados na actualidade e o goberno local, e lugar de reaccionar, segue parado, sen sacalos a concurso, a pesar de que hai interesados en poder reactivar a actividade nestes espazos.



Pero non só nos referimos aos quioscos, senón tamén a locais, como o edificio de Expolemos, na N-120, o quiosco do campo do San Antonio, o local do centro do viño, que hai anos acolleu un bar e restaurante, ou o local que era restaurante na praza de abastos.

Estes son algúns dos exemplos de edificios que están sen actividade, a pesar de que hai emprendedores e asociacións que carecen dun espazo para exercer a súa actividade ou as súas reunións, ou persoas que esperan contar coa axuda do Concello para iniciar a súa actividade empresarial, coa cesión dalgún dos espazos anteriormente mencionados.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte proposta de acordo para o seu debate e, se procede, a súa aprobación no pleno da corporación municipal:

1º. O pleno da corporación municipal insta o equipo de goberno a que, a través dos procedementos legais oportunos, poña a disposición dos cidadáns de Monforte os distintos locais e espazos de titularidade municipal sen uso.